

A LEDICIA DE LER

“As literaturas de ámbito restrinxido”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 16 de abril de 1981



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

As literaturas de ámbito restrinxido

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 16 DE ABRIL DE 1981

O lector xa ten información sobre a reunión que se acaba de celebrar no Palacio de Fuensalida, en Toledo, entre escritores, periodistas, tradutores e diplomáticos suecos con representantes de Cataluña, Galicia, Jaén, o País Vasco e os demais países escandinavos de cara a preparar o encontro nórdico-ibérico de literaturas de ámbito restrinxido que se vai celebrar en Mallorca o ano que vén. Omito polo tanto toda referencia concreta ao simposio toledano para me referir só ao espírito que anima este e outros proxectos semellantes¹.

Hai xa anos que as autoridades culturais suecas se veñen decatando do papel cada vez máis difícil que lle toca xogar no mundo contemporáneo ás literaturas de ámbito restrinxido. As modernas técnicas de comunicación, as leis internas do mercado editorial, os custes de produción e outros factores de índole económica e política xogan case exclusivamente a favor das literaturas escritas nas grandes linguas, que pouco a pouco se van impondo como as únicas importantes e dignas de ser coñecidas.

As demais son vítimas da servidume orixinada por esa lei do universo da comunicación que di que aquilo que non se coñece non existe. Lei que, por outra parte, opera á marxe dos criterios de valor, baseándose exclusivamente no poder, na potencia económica e na rendibilidade comercial. A difusión universal dun libro

¹ Nota do transcritor.- Pódese contextualizar este artigo acudindo ao seguinte enlace do diario ABC do 16 de abril de 1981: <http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1981/04/16/026.html>

baséase con frecuencia en factores externos aos propiamente culturais. Mesmo sen escrúpulos se inventan todos os anos, valéndose das adquisicións da psicoloxía aplicada á publicidade, títulos destinados a ser vendidos en poucos meses en todo o mercado mundial, o que xera uns beneficios semellantes aos de calquera empresa das chamadas multinacionais.

Nun mundo cultural destas características, a posición na que se encontran as literaturas de ámbito restrinxido é realmente dramática. Por un lado vense obrigadas a manterse confinadas dentro das súas propias fronteiras, reducidas a un *ghetto* tan perigoso para a súa supervivencia como empobrecedor. Por outro, vítimas do papel receptivo que se lles asigna, teñen que loitar en condicións de inferioridade contra unha competencia inxusta, prepotente e desleal. Os resultados tradúcense en dificultades de todo tipo, pero especialmente na substitución das características literarias nacionais e, polo tanto, as únicas universais, por un mimetismo esterilizante e esmagador.

Dito isto, apenas cumprirá que me refira á situación, aínda máis difícil, en que se atopan literaturas como a galega, que xuntan aos males de conxunto os específicos que lle corresponden pola precariedade en que se desenvolve a súa existencia. Atrincheirada nun provincianismo suicida, en parte determinado polas circunstancias, e de costas a todo o que non veña de Francia, no mellor dos casos, malvive da moda xa pasada ou ignora, bárbara e irresponsablemente, o que de máis orixinal se fai dentro das súas fronteiras. Neste sentido os novos e recentes admiradores de Cunqueiro, algúns deles campións do insulto nun tempo aínda non afastado, pouco proban, máis ben confirman o contrario.

Ata febreiro de 1982 vanse intentar unha serie de experiencias tanto aquí como en Cataluña, no País Vasco e nos países escandinavos. Trátase de ensaiar uns

medios de comunicación literaria conxuntos, que establezan unhas relacións mínimas entre os participantes do futuro encontro de Mallorca.

Por iniciativa de Luís Álvarez Pousa, neste suplemento semanal irán aparecendo recensións de libros, comentarios de actualidade cultural, traducións de poemas e crónicas que terán como fin ir rachando o anel de presión con que os grandes, tamén neste dominio, queren impoñerlles a súa lei aos pequenos.

* * *